|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade<br><br>(título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Tratamento contable dos gastos e ingresos no PXC de PEMES | • Análise das diversas clases de gastos por servizos exteriores (subgrupo 62) que ten que afrontar a empresa e a súa contabilización (reparacións e conservación, servizos de profesionais independentes, primas de seguros e publicidade e propaganda)<br>• Análise dos gastos relativos ao persoal da empresa e a súa contabilización (soldos e salarios, Seguridade Social a cargo da empresa e do traballador, anticipos e remuneracións devengadas e non pagadas)<br>• Análise das contas que compñen o subgrupo 75 (outros ingresos de xestión) e o seu tratamento contable<br>• Explicación doutras contas de ingresos | • Explicación doutras contas de gastos<br>• Seguimento das explicacións subliñando o esencial, por indicación do profesor<br>• Dará resposta a un cuestionario para que o profesor poida comprobar os seus coñecementos<br>• Resolución de casos prácticos | • Cuestionario respondido<br>• Casos prácticos resoltos | • Libro de texto<br>• PXC de PEMES<br>• Medios audiovisuais (ordenador e cañón) | • PE.1 - O conxunto da unidade<br>• PE.2 - O conxunto da unidade<br>• PE.3 - O conxunto da unidade<br>• PE.4 - O conxunto da unidade<br>• PE.5 - O conxunto da unidade | 16,0 |
| | | | | | **TOTAL** | **16,0** |

## 4.8.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | O inmobilizado e as fontes de financiación | 16 |

## 4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA1 - Recoñece os elementos que integran o patrimonio dunha organización económica, e clasifícaos en masas patrimoniais. | NO |
| RA4 - Clasifica contablemente feitos económicos básicos, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do PXC-PEME. | NO |

## 4.8.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 1.1 Entender o concepto de investimento<br>1.2 Diferenciar un gasto dun investimento | 1 | Os investimentos | 1,0 |
| 2.1 Coñecer as principais contas do inmobilizado material.<br>2.2 Analizar as distintas maneiras de adquisición e alleamento dun inmobilizado material.<br>2.3 Entender o concepto de amortización.<br>2.4 Rexistrar calquera operación relativa a un inmobilizado material. | 2 | O inmobilizado material | 10,0 |
| 3.1 Entender o concepto de financiamento<br>3.2 Poñer en práctica as principais contas que representan financiamento para a empresa. | 3 | As fontes de financiamento | 5,0 |
| | | **TOTAL** | **16** |

## 4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|---|---|---|
| CA1.2 Diferenciáronse os conceptos de investimento e financiamento, investimento e gasto, gasto e pagamento, e ingreso e cobramento. | | | 0 |
| CA1.2.2 Diferenciáronse os conceptos de investimento e financiamento, investimento e gasto. | • PE.1 - Os investimentos | N | 10 |
| CA4.1 Identificáronse as contas patrimoniais e de xestión que interveñen nas operacións básicas das empresas. | • PE.2 - O inmobilizado material e as fontes de financiamento | S | 20 |
| CA4.2 Codificáronse as contas consonte o PXC-PEME. | • PE.3 - O inmobilizado material e as fontes de financiamento | S | 10 |
| CA4.3 Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan, segundo o PXC-PEME. | • PE.4 - O inmobilizado material e as fontes de financiamento | S | 20 |
| CA4.4 Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables. | • PE.5 - O inmobilizado material e as fontes de financiamento | S | 20 |
| CA4.5 Realizáronse as operacións contables correspondentes a un exercicio económico básico. | • PE.6 - O inmobilizado material e as fontes de financiamento | S | 20 |
| | | **TOTAL** | **100** |

### 4.8.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Diferencias entre investimento e financiamento, e investimento e gasto. |
| Inmobilizado material: amortización e baixa contable. |
| Fontes de financiamento. |

### 4.8.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Os investimentos | • Explicación do concepto de investimento e das diferenzas entre este e o concepto de gasto | • Seguimento das explicacións subliñando o esencial, por indicación do profesor<br>• Dará resposta a un cuestionario para que o profesor poida comprobar os seus coñecementos | • Cuestionario respondido | • Libro de texto | • PE.1 - Os investimentos | 1,0 |
| O inmobilizado material | • Exposición das contas do inmobilizado material<br>• Explicación das distintas formas de adquisición do inmobilizado material e a súa contabilización, mediante exemplos sinxelos<br>• Explicación do concepto de amortización de inmobilizado e a súa contabilización<br>• Contabilización das distintas formas de transmisión de inmobilizado material con beneficio e con perda<br>• Contabilización de perdas extraordinarias do inmobilizado material | • Seguimento das explicacións subliñando o esencial, por indicación do profesor<br>• Dará resposta a un cuestionario para que o profesor poida comprobar os seus coñecementos<br>• Resolución de casos prácticos | • Cuestionario respondido<br>• Casos prácticos resoltos | • Libro de texto<br>• PXC de PEMES<br>• Medios audiovisuais (ordenador e cañón) | • PE.2 - O inmobilizado material e as fontes de financiamento<br>• PE.3 - O inmobilizado material e as fontes de financiamento<br>• PE.4 - O inmobilizado material e as fontes de financiamento<br>• PE.5 - O inmobilizado material e as fontes de financiamento<br>• PE.6 - O inmobilizado material e as fontes de financiamento | 10,0 |

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Actividade**<br><br>**(título e descrición)** | **Profesorado (en termos de tarefas)** | **Alumnado (tarefas)** | **Resultados ou produtos** | **Recursos** | **Instrumentos e procedementos de avaliación** | |
| As fontes de financiamento | • Explicación da necesidade de financiamento na empresa e clasificación das principais orixes desta<br>• Contabilización de operacións de financiamento co emprego das contas recollidas nos grupos 1,4 e 5 do PXC de PEMEs | • Seguimento das explicacións subliñando o esencial, por indicación do profesor<br>• Dará resposta a un cuestionario para que o profesor poida comprobar os seus coñecementos<br>• Resolución de casos prácticos | • Casos prácticos resoltos<br>• Cuestionario respondido | • Libro de texto<br>• PXC de PEMES<br>• Medios audiovisuais | • PE.1 - Os investimentos<br>• PE.2 - O inmobilizado material e as fontes de financiamento<br>• PE.3 - O inmobilizado material e as fontes de financiamento<br>• PE.4 - O inmobilizado material e as fontes de financiamento<br>• PE.5 - O inmobilizado material e as fontes de financiamento<br>• PE.6 - O inmobilizado material e as fontes de financiamento | 5,0 |
| | | | | | **TOTAL** | **16,0** |

### 4.9.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | Operacións de fin de exercicio. As contas anuais | 16 |

### 4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA3 - Identifica o contido básico do plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas (PXC-PEME) e interpreta a súa estrutura. | NO |
| RA4 - Clasifica contablemente feitos económicos básicos, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do PXC-PEME. | SI |

### 4.9.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 1.1 Analizar as operacións que se deben de realizar ao finalizar o exercicio.<br>1.2 Comprender a finalidade das operacións de pre-peche. | 1 | Operacións de fin de exercicio | 6,0 |
| 2.1 Coñecer as principais normas para formular as Contas Anuais.<br>2.2 Elaborar calquera balance de acordo ao PGC de Pemes.<br>2.3 Elaborar calquera conta de perdas e ganancias de acordo ao PGC de Pemes. | 2 | As contas anuais | 6,0 |
| 3.1 Coñecer as distintas alternativas que ten a empresa para aplicar o resultado do exercicio.<br>3.2 Rexistrar as diferentes maneiras de aplicar o resultado da empresa. | 3 | Aplicación do resultado do exercicio | 4,0 |
| | | TOTAL | 16 |

### 4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|---|---|---|
| CA3.8 Identificáronse as contas anuais que establece o PXC-PEME. | • PE.1 - As contas anuais | S | 10 |
| CA4.1 Identificáronse as contas patrimoniais e de xestión que interveñen nas operacións básicas das empresas. | • PE.2 - O conxunto da unidade | S | 10 |
| CA4.2 Codificáronse as contas consonte o PXC-PEME. | • PE.3 - O conxunto da unidade | S | 10 |
| CA4.3 Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan, segundo o PXC-PEME. | • PE.4 - O conxunto da unidade | S | 20 |
| CA4.4 Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables. | • PE.5 - O conxunto da unidade | S | 20 |
| CA4.5 Realizáronse as operacións contables correspondentes a un exercicio económico básico. | • PE.6 - O conxunto da unidade | S | 20 |
| CA4.6 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información. | • PE.7 - O conxuntos da unidade | N | 10 |
| | | TOTAL | 100 |

## 4.9.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Contas anuais.<br><br>Operacións de fin de exercicio. Pechamento contable.<br><br>Aplicación do resultado do exercicio |

## 4.9.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade<br><br>(título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Operacións de fin de exercicio | • Análise das operacións de fin de exercicio: 1) operacións previas ó peche (regularización de existencias, correccións de valor e reclasificación de elementos patrimoniais), 2) cálculo do resultado e 3) asentamento de peche | • Seguimento das explicacións subliñando o esencial, por indicación do profesor<br>• Dará resposta a un cuestionario para que o profesor poida comprobar os seus coñecementos<br>• Resolución de casos prácticos | • Cuestionario respondido<br>• Casos prácticos resoltos | • Libro de texto<br>• PXC de PEMES<br>• Medios audiovisuais (ordenador e cañón) | • PE.2 - O conxunto da unidade<br>• PE.3 - O conxunto da unidade<br>• PE.4 - O conxunto da unidade<br>• PE.5 - O conxunto da unidade<br>• PE.6 - O conxunto da unidade<br>• PE.7 - O conxuntos da unidade | 6,0 |
| As contas anuais | • Explicación do que hai que ter en conta á hora de formular as contas anuais e as normas comunes<br>• Explicación da elaboración do Balance e a conta de perdas e ganancias | • Seguimento das explicacións subliñando o esencial, por indicación do profesor<br>• Dará resposta a un cuestionario para que o profesor poida comprobar os seus coñecementos<br>• Resolución de casos prácticos | • Cuestionario respondido<br>• Casos prácticos resoltos | • Libro de texto<br>• PXC de PEMES<br>• Medios audiovisuais | • PE.1 - As contas anuais<br>• PE.7 - O conxuntos da unidade | 6,0 |
| Aplicación do resultado do exercicio | • Análise das alternativas que a empresa pode ou ten que utilizar co resultado do exercicio | • Seguimento das explicacións subliñando o esencial, por indicación do profesor<br>• Dará resposta a un cuestionario para que o profesor poida comprobar os seus coñecementos<br>• Resolución de casos prácticos de distribución do resultado e pagamento de dividendos | • Cuestionario respondido<br>• Casos prácticos resoltos | • Libro de texto<br>• PXC de PEMES<br>• Medios audiovisuais | • PE.2 - O conxunto da unidade<br>• PE.3 - O conxunto da unidade<br>• PE.4 - O conxunto da unidade<br>• PE.5 - O conxunto da unidade<br>• PE.6 - O conxunto da unidade<br>• PE.7 - O conxuntos da unidade | 4,0 |
| | | | | | **TOTAL** | **16,0** |

## 4.10.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 10 | Contabilidade informatizada | 14 |

## 4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA5 - Realiza operacións de contabilización mediante aplicacións informáticas específicas, e valora a súa eficiencia na xestión do plan de contas. | SI |

## 4.10.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 1.1 Acceder e saír da aplicación.<br>1.2 Crear, modificar e eliminar empresas.<br>1.3 Crear, modificar e eliminar subcontas.<br>1.4 Introducir asentamentos contables.<br>1.5 Realizar listados do libro Diario e do libro Maior.<br>1.6 Realizar correctamente as operacións relacionadas coa xestión do IVE.<br>1.7 Efectuar o peche da contabilidade e a súa comprobación | 1 | Proceso contable informatizado | 7,0 |
| 2.1 Usar e crear asentamentos predefinidos | 2 | Asentamentos predefinidos | 5,0 |
| 3.1 Realizar correctamente copias de seguridade para a súa posterior recuperación. | 3 | Copias de seguridade | 1,0 |
| 4.1 Utilizar a axuda do programa Glasof, a axuda en liña ou o servicio de atención á clientela | 4 | Axuda | 1,0 |
| | | TOTAL | 14 |

## 4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|---|---|---|
| CA5.1 Realizáronse as altas e as baixas de contas e subcontas codificadas que procedan da documentación soporte, seguindo os procedementos establecidos. | • LC.1 - Proceso contable informatizado | S | 15 |
| CA5.2 Propuxéronse altas e baixas de códigos e conceptos en asentamentos predefinidos, seguindo os procedementos establecidos. | • LC.2 - Asentamentos predefinidos | S | 15 |
| CA5.3 Introducíronse conceptos codificados na aplicación informática seguindo os procedementos establecidos. | • LC.3 - Proceso contable informatizado | S | 10 |
| CA5.4 Executáronse as baixas dos conceptos codificados coa autorización correspondente. | • LC.4 - Proceso contable informatizado | S | 10 |
| CA5.5 Introducíronse os asentamentos predefinidos na aplicación informática seguindo os procedementos establecidos. | • LC.5 - Asentamentos predefinidos | S | 10 |
| CA5.6 Introduciuse no asentamento a información correspondente a cada campo, de acordo coa natureza económica da operación. | • LC.6 - Proceso contable informatizado | S | 10 |

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|---|---|---|
| CA5.7 Arranxáronse os imprevistos que poidan xurdir durante o uso da aplicación, recorrendo á axuda do programa, á axuda en liña ou ao servizo de atención á clientela da empresa creadora do software. | • LC.7 - Axuda | N | 10 |
| CA5.8 Realizouse copia de seguridade das contas, dos saldos e dos seus movementos respectivos, así como da colección de apuntamentos predefinidos. | • LC.8 - Copias de seguridade | N | 10 |
| CA5.9 Seguiuse o plan de acción para a custodia no lugar e no soporte axeitados, así como a xestión administrativa da copia de seguridade, nun tempo axeitado e cos métodos apropiados. | • LC.9 - Copias de seguridade | N | 10 |
| | | TOTAL | 100 |

## 4.10.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Xestión das partidas contables nunha aplicación informática.<br><br>Operacións de mantemento básico de aplicacións<br><br>Asentamentos predefinidos. |

## 4.10.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Proceso contable informatizado | • Explicación da creación, modificación e eliminación dunha empresa<br>• Explicación da creación, modificación e eliminación de subcontas<br>• Explicación da introdución e visualización de asentamentos<br>• Explicación da modicación e eliminación de partidas e asentamentos<br>• Realización de listaxes dos libros contables<br>• Explicación das opcións de IVE<br>• Explicación das operacións previas ó peche da contabilidade | • Realización de casos prácticos | • Casos prácticos resoltos | • Libro de texto<br>• PC<br>• Aplicación Glasof Contabilidade<br>• Medios audiovisuais (ordenador e cañón) | • LC.1 - Proceso contable informatizado<br>• LC.3 - Proceso contable informatizado<br>• LC.4 - Proceso contable informatizado<br>• LC.6 - Proceso contable informatizado | 7,0 |

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade<br><br>(título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Asentamentos predefinidos | • Explicación do uso da opción "Asentamentos predefinidos"<br>• Creación de asentamentos predefinidos | • Realización de casos prácticos | • Casos prácticos resoltos | • Libro de texto<br>• PC<br>• Aplicación Glasof Contabilidade<br>• Medios audiovisuais (ordenador e cañón) | • LC.2 - Asentamentos predefinidos<br>• LC.5 - Asentamentos predefinidos | 5,0 |
| Copias de seguridade | • Explicación dos pasos para a realización e recuperación de copias de seguridade | • Repetición dos pasos explicados polo profesor | • Copia de seguridade realizada e recuperada | • Libro de texto<br>• PC<br>• Aplicación Glasof Contabilidade<br>• Medios audiovisuais (ordenador e cañón) | • LC.8 - Copias de seguridade<br>• LC.9 - Copias de seguridade | 1,0 |
| Axuda | • Explicación do uso da axuda do programa Glasof, a axuda en liña e o servicio de atención á clientela | • Uso da axuda do programa Glasof, a axuda en liña e o servicio de atención á clientela | • Axuda empregada | • PC<br>• Aplicación Glasof Contabilidade<br>• Medios audiovisuais (ordenador e cañón) | • LC.7 - Axuda | 1,0 |
| | | | | | TOTAL | 14,0 |

## 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES:
CA1.4 - Definíronse os conceptos de patrimonio, elemento patrimonial e masa patrimonial.
CA1.5 - Identificáronse as masas patrimoniais que integran o activo, o pasivo exixible e o patrimonio neto.
CA1.7 - Ordenouse en masas patrimoniais un conxunto de elementos patrimoniais.
CA2.9 - Estableceuse a función do balance de situación, das contas de perdas e ganancias, e da memoria.
CA2.2 - Describiuse o concepto de conta como instrumento para representar os elementos patrimoniais e os feitos económicos da empresa, e identificouse a súa estrutura.
CA2.3 - Describíronse as características máis importantes do método de contabilización por partida dobre.
CA2.4 - Recoñecéronse os criterios de cargo e aboamento como método de rexistro das modificacións do valor dos elementos patrimoniais.
CA1.2.1 - Diferenciáronse os conceptos de gasto e pagamento, e ingreso e cobramento.
CA2.5 - Recoñeceuse a importancia do balance de comprobación como instrumento básico para a identificación de erros e omisións nas anotacións das contas
CA3.5 - Identificáronse os principios contables establecidos no marco conceptual do plan.
CA3.6 - Describiuse o sistema de codificación establecido no PXC-PEME e a súa función na asociación e na desagregación da información contable.
CA3.7 - Codificouse un conxunto de elementos patrimoniais de acordo cos criterios do PXC-PEME.
CA3.8 - Identificáronse as contas anuais que establece o PXC-PEME.
CA3.9 - Identificáronse as contas que corresponden aos elementos patrimoniais.
CA4.1 - Identificáronse as contas patrimoniais e de xestión que interveñen nas operacións básicas das empresas.
CA4.2 - Codificáronse as contas consonte o PXC-PEME.
CA4.3 - Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan, segundo o PXC-PEME.
CA2.6 - Diferenciáronse as contas de ingresos e de gastos.
CA2.10 - Rexistráronse correctamente as operacións no diario e transcribíronse ao maior.
CA2.11 - Reoñecéronse os libros contables obrigatorios e voluntarios
CA2.1 - Distinguíronse as fases do ciclo contable completo e adaptáronse á lexislación española.
CA2.7 - Definiuse o concepto de resultado contable.
CA4.4 - Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables.
CA4.5 - Realizáronse as operacións contables correspondentes a un exercicio económico básico.
CA1.2.2 - Diferenciáronse os conceptos de investimento e financiamento, investimento e gasto.
CA3.8 - Identificáronse as contas anuais que establece o PXC-PEME.
CA4.6 - Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información.
CA5.1 - Realizáronse as altas e as baixas de contas e subcontas codificadas que procedan da documentación soporte, seguindo os procedementos establecidos.
CA5.2 - Propuxéronse altas e baixas de códigos e conceptos en asentamentos predefinidos, seguindo os procedementos establecidos.
CA5.3 - Introducíronse conceptos codificados na aplicación informática seguindo os procedementos establecidos.soporte, seguindo os procedementos establecidos.
CA5.4 - Executáronse as baixas dos conceptos codificados coa autorización correspondente.
CA5.5 - Introducíronse os asentamentos predefinidos na aplicación informática seguindo os procedementos establecidos.

CA5.6 - Introduciuse no asentamento a información correspondente a cada campo, de acordo coa natureza económica da operación.

A asistencia implica o dereito á avaliación continua, e a non asistencia a perda de dita avaliación, tendo dereito unicamente a un exame extraordinario. O número de faltas (xustificadas) que implican a perda deste dereito son 16, é dicir, o 10% das sesións do módulo que marca a Lei. Por acordo do departamento recollido nas NOF do centro o alumnado que chegue o 20% de faltas xustificadas e non xustificadas perderá o dereito a avaliación continua.

Para superar positivamente o módulo profesional aplicaranse os seguintes criterios de avaliación:
- Realizaranse unha ou dúas probas obxectivas de coñecemento en cada unha das avaliacións (en función da extensión das unidades) ,con contido práctico ou teórico-práctico. Estas probas terán a finalidade de coñecer e avaliar o grao de comprensión dos contidos que va adquirindo o alumnado e serán puntuadas entre 0 e 10 puntos, debendo obterse unha nota mínima de 5 puntos para superalas.
- Realizaranse actividades de cada unidade didáctica principalmente na aula e algúns exercicios para a súa realización na casa.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Notas trimestrais de avaliación:
A nota trimestral calcularase en base a 2 conceptos, da seguinte maneira:
- Probas escritas (exames ) : A nota media das probas realizadas no trimestre ponderará un 60% da nota trimestral de avaliación.
- A realización de tarefas que poderán ser individuais ou en grupo. O profesor poderá pedir en calquer momento as actividades a realizar debidamente correxidas . A nota media das citadas actividades e exercicios ponderará un máximo dun 40% da nota trimestral.

Nas tarefas valorarase:
A puntualidade na entrega
A corrección dos contidos escritos
Que o traballo cumpra as pautas marcadas previamente
Que a redacción dos contidos sexa elaborada polo propio alumno
A coherencia interna do discurso e a súa defensa e exposición.
No caso de que non se realicen traballos a porcentaxe correspondente sumarase ao 60% das probas escritas.

Nota final:
Para superar o módulo o alumno deberá ter unha nota media de 5 ou superior en todas e cada unha das probas e entregar a lo menos a metade dos exercicios de entrega obrigatoria.
A nota final será a media aritmética de todas as avaliacións redondeada en exceso cando os decimais sexan superiores a 5 e por defecto cando sexan iguais o inferiores a 5.

De non ter aprobadas todas as avaliacións a nota final se calculará segundo os seguintes criterios:
- Se a nota media resultante é de 5 ou superior e ten aprobada algunha avaliación, a nota final será de 4.
- Se a nota media é menor que 5, a nota final será a nota media

A non presentación a algunha das probas escritas, cuya ausencia esté xustificada ou non, implicará que o citado alumno terá que presentarse obrigatoriamente á proba de recuperación correspondente, non tendo obriga o profesor de ter que repetir o examen ou proba escrita noutro día. Nese caso, a nota provisional que levará será a dun 4 no trimestre correspondente, ata facer ese examen pendente.

Se un alumno se colle copiando nun exame, este lle será retirado e a nota será un 0, tendo que recuperar esta parte no exame final de xuño.

No caso de confinamento, as clases serán impartidas por medios telemáticos seguindo os mesmos criterios de cualificación do módulo establecido na parte superior.
Os traballos e exames serán feitos a través da aula virtual, mediante a utilización de sistemas ofimáticos tales como procesadores de texto e follas de cálculo.
A non participación e presentación nas clases virtuais suporá unha falta de asistencia que computará para a perda do dereito a avalicación continua do alumno. Tendo que examinarse de todo o módulo no caso de chegar o 10% das faltas.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Durante o curso, as alumnas e alumnos que non acaden os mínimos esixidos, proporcionaráselles actividades de apoio con exercicios nos que adquiran os resultados de aprendizaxe non acadados.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos e alumnas que superen o límite máximo de faltas de asistencia do 10% das horas do módulo, segundo establecido no decreto 114/2010 de 1 de xullo, perderán o dereito á aplicación dos criterios xerais de avaliación e deberán presentarse a un único exame en xuño

A proba final versará sobre os contidos mínimos establecidos da programación (suposto teórico-práctico).
A data , hora e duración desta proba establecerase en reunión de departamento e farase pública no taboleiro de anuncios dos alumnos cunha antelación mínima de 15 días

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O departamento realizará cunha frecuencia mínima mensual, o seguimento das programacións, no que se reflectirá o grao de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razoada no caso de desviacións. Este seguimento constará nas correspondentes actas do departamento.

Para determinar se o desenvolvemento das clases e das actividades propostas para que o alumnado alcanzara os obxectivos planificados resultaron eficaces e adecuados, levarase a cabo unha avaliación a partir de:

- Os resultados da avaliación da aprendizaxe do alumnado
- A propia avaliación feita polo alumnado dos materiais, actividades..
- Debate entre os membros que integran o Departamento.

Estes aspectos recolleranse na memoria anual e servirán para a elaboración da programación do curso seguinte e mellorar a práctica docente.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial serve para valorar a situación de partida do alumnado e obter información relativa aos coñecementos previos,aos intereses, e ao grao de motivación; isto axuda a tomar decisións tales como plantexar algunha sesión de repaso de coñecementos adquiridos polo alumnado en etapas anteriores, tratar determinados contenidos con menor profundidad por sabidos, modificar a temporalización das UD¿
Para a avaliación inicial partiremos :
- na primeira sesión de curso farase una tormenta de ideas para comprobar os cocimientos previos
- Da observación de coñecementos, procedementos e destrezas do alumno durante o primeiro mes de clase
- Da confrontación das observacións coas realizadas por outros profesores e coa información do titor

Recollerermos datos sobre o alumnado:
-Alumnos/as con algún tipo de discapacidade.
-Alumnos/as procedentes doutros países e que non dominan o noso idioma.
-Nivel de coñecementos (estudos que teñen realizado).
-Experiencia laboral.

Farase unha sesión específica de valoración dos alumnos ó final do primeiro mes de clase

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Conscientes da diversidade de alumnado que accede aos ciclos formativos, traballanse os contidos de distintas formas, segundo as necesidades do momento e do grupo clase.
Ademais, os exercicios e actividades que se propoñen están graduados de menor a maior dificultade, o cal permite ao profesor seleccionar os máis adecuados ao nivel do alumnado e aos intereses deste.
Por outro lado, a realización de exercicios de carácter teórico e de carácter práctico pode axudar ao profesor a flexibilizar o traballo na aula segundo a motivación e necesidades do alumnado.

No momento de realizar a programación descoñécese a situación concreta do alumnado, pero no caso de ter que adoptar medidas de reforzo ou de flexibilización modular procedería do seguinte xeito:
- Na avaliación inicial procuraremos detectar cal é o problema de aprendizaxe concreto que presenta o alumno/a e cal vai a ser o obxectivo a cumplir con él.

-Empregaremos unha metodoloxía activa que potencie a participación, proferindo ao alumno realidades concretas unidas ao seu contorno
-Facilitaránselle actividades de reforzo.

Por outro lado, no caso de alumnado con especiais capacidades, tamén se deberán adoptar medidas de reforzo, con deseño de actividades orientadas, neste caso, á consecución de maiores logros.

En todo caso, reunirase o equipo docente do ciclo formativo, e de forma coordinada adoptaranse as medidas oportunas.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores estará presente en todas as unidades didácticas ao longo do curso para formar bos profesionales responsables e comprometidos co seu entorno,
Terase en conta principalmente os seguintes aspectos:
1.Asistencia e puntualidade, calquera das dúas trae consigo a perda de contidos e de traballo, o que suporá un atraso no proceso de aprendizaxe do alumno.
2.Comportamento durante o desenvolvemento das clases, o respecto polos compañeiros, o profesor e o material.
3.Participación activa na aula, reflectida no interese pola materia, iniciativa e capacidade para obter información con carácter autónomo.
4.A claridade e a limpeza nos apuntamentos e nos exercicios elaborados polo alumno.
5.Orde e pulcritude nos traballos realizados.
6.Predisposición para o traballo en equipo

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Faranse as establecidas polo departamento en reunión dos seus integrantes.

## 10.Outros apartados

### 10.1) Recursos

- PC (uno por alumno)
- calculadora
-programa informático contasol
-apuntes proporcionados polo docente
-aula virtual

### 10.2) Publicación da programación

A programación deste módulo estará a disposición do alumnado na Aula Virtual
Ao principio de curso proporcionáraselle un resumo da mesma no que queden explicitados, de xeito claro, os contidos mínimos, os criterios e métodos de avaliación e as actividades de recuperación.
Pediráselle a cada alumno/a que certifique mediante a sinatura e data que lle foi comunicada a información que consta neste apartado. Esta relación quedará en posesión da profesora ao longo de todo o curso.